



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito a la necesidad de que la Dirección General de la Costa y el Mar adopte medidas para el acondicionamiento del mirador de Fiunchal en Moaña y de un tramo del paseo marítimo, situados en dominio público marítimo terrestre.**

En el Concello de Moaña, los vecinos y las vecinas llevan cinco años sin poder acceder al mirador de Fiunchal, situado sobre la playa de Con, debido al mal estado del muro que lo sostiene. De hecho, el concello tuvo que acordonar la parte de la playa próxima a la valla por el peligro de despedimiento de escombros, que posteriormente se produjo, además de detectar un notable desplazamiento en ese muro de contención.

Además del riesgo para las personas que pueden encontrarse en la única playa con bandera azul del municipio, el precario estado del muro afecta también a la calle que discurre paralela a la playa. La avenida “José Costa Alonso”, que desde el Camiño Real de Tirán se considera paseo marítimo, sufre por este motivo constantes hundimientos de la calzada por efecto de la acción del mar, lo que supone poner en peligro a viandantes y vehículos.

La situación de deterioro descrita empeora año tras año debido al mayor alcance de las mareas de los últimos inviernos y que está provocando una mayor erosión tanto en el muro del mirador como en la calle.

Corresponde a Costas proceder a la reparación del muro del mirador por ser de su competencia. Precisamente, la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas, en el artículo 2, modificado por la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral, establece que la actuación administrativa sobre el dominio público marítimo-terrestre debe determinar el dominio público marítimo-terrestre y garantizar su integridad y adecuada conservación, adoptando, en su caso, las medidas de protección y restauración necesarias y, cuando proceda, las medidas de adaptación, teniendo en cuenta los efectos del cambio climático.

Cabe destacar que el Mirador de Fiunchal y el paseo marítimo del tramo de la avenida “José



Costa Alonso” entre los números 80 y 100, se encuentran íntegramente dentro del dominio público marítimo y terrestre, algo fácilmente comprobable en la planimetría, por lo que corresponde a la Dirección de la Costa y del Mar actuar para garantizar su conservación y protección.

Si bien el gobierno local ya ha acometido actuaciones específicas en este ámbito, a petición de Costas y en un marco de colaboración entre ambas administraciones, el estado actual de deterioro ha llegado a tal extremo que se necesita una actuación más integral y con una dotación económica y material suficiente, necesidades que superan las posibilidades del concello.

De hecho, desde el Ayuntamiento se trasladaron informes con problemas estructurales a la Jefatura Provincial de Costas en Pontevedra y la alcaldesa de Moaña solicitó en distintas ocasiones una reunión con el Director General de la Costa y del Mar.

Quedando clara la buena disposición y voluntad de colaboración por parte del Concello de Moaña, es necesario que la Dirección General de Costas aborde esta situación y emprenda una actuación de mayor envergadura para rehabilitar la zona.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Adoptará la Dirección General de la Costa y del Mar las medidas necesarias para proceder a la adecuación y mejora del muro del Mirador de Fiunchal en Moaña y del tramo del paseo marítimo de la avenida “José Costa Alonso”, comprendido entre los números 80 y 100, situado en el dominio público marítimo terrestre?
2. ¿Es consciente el Ministerio del mal estado en el que se encuentra esta estructura, que desde hace cinco años mantiene inaccesible para los vecinos y las vecinas el Mirador de Fiunchal, además del tramo de playa de Con?
3. ¿Conoce la situación de la calle que discurre paralela a la playa, que está sufriendo un hundimiento de la calzada por los efectos del mar y que presenta grietas y baches que constituyen un riesgo para viandantes y vehículos?



4. ¿Qué disposición tiene el Ministerio, a través de la Dirección General de la Costa y del Mar, de mantener una reunión con la alcaldesa del municipio de Moaña y conocer así de primera mano la precaria situación del Mirador de Fiunchal y del citado tramo de paseo marítimo para estudiar las soluciones más adecuadas?

5. ¿Valora el Ministerio dar reciprocidad a la colaboración con el Concello, que, con buena disposición, ha realizado actuaciones puntuales en los últimos años a petición de Costas y emprender una actuación integral en la zona del Mirador de Fiunchal con recursos suficientes?

Madrid, a 29 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

29 MAY. 2025 12:13:45

Entrada **70021**

## Sobre a rehabilitación e acondicionamento do Miradoiro do Fiunchal en Moaña

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de que a Dirección Xeral da Costa e o Mar adopte medidas para o acondicionamento do miradoiro do Fiunchal en Moaña e dun tramo do paseo marítimo, situados en dominio público marítimo terrestre.**

No Concello de Moaña os veciños e veciñas levan cinco anos sen poder acceder ao miradoiro do Fiunchal, situado sobre a praia do Con, debido ao mal estado do muro que o sostén. De feito, o concello tivo que proceder a acordar a parte da praia próxima ao valado polo perigo de desprendemento de entullos, como sa sucedeu, ademais de detectarse un notábel desprazamento nese muro de contención.

Ademais do risco para as persoas que poidan encontrarse na única praia con bandeira azul do municipio, o precario estado do muro tamén afecta á rúa que discorre paralela á praia. A rúa “José Costa Alonso”, que desde o Camiño Real de Tirán ten a calidade de paseo marítimo, pois sofre un constante afundimento da calzada debido aos efectos da acción do mar, o que implica pór en perigo a transeúntes e vehículos.

A situación de deterioro descrita vai empeorando ano tras ano debido ao maior alcance das mareas nos últimos invernos e que está a causar máis erosión tanto no muro do miradoiro como na rúa.



Correspóndelle a Costas proceder ao arranxo do muro do miradoiro por ser da súa competencia. Precisamente, a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, no seu artigo 2, modificado pola Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e aproveitamento sustentábel do litoral, establece que a actuación administrativa sobre o dominio público marítimo-terrestre deberá determinar o dominio público marítimo-terrestre e asegurar a súa integridade e adecuada conservación, adoptando, no seu caso, as medidas de protección, e restauración necesarias e, cando proceda, de adaptación, tendo en conta os efectos do cambio climático.

Cabe destacar que o Miradoiro do Fiunchal e o paseo marítimo do tramo da rúa “José Costa Alonso” entre os números 80 e 100, sitúase plenamente dentro do dominio público marítimo terrestre, algo facilmente comprobábel na planimetría polo que corresponde á Dirección de Costa e o Mar actuar para garantir a súa conservación e protección.

Aínda que goberno local xa ten acometido actuacións puntuais nesta zona, a pedimento de Costas e nun marco de colaboración entre ambas administracións, o actual estado de deterioro chegou a tal extremo que se necesita unha actuación máis integral e cunha dotación económica e material suficiente, necesidades que exceden as posibilidades do concello.

De feito, desde o consistorio trasladáronse os informes cos problemas estruturais á Xefatura Provincial de Costas en Pontevedra e a alcaldesa de Moaña solicitou unha reunión coa Directora Xeral da Costa e do Mar en distintas ocasións.

Ficando clara a boa disposición e vontade de cooperación por parte do Concello de Moaña, é preciso que a Dirección Xeral da Costa aborde esta situación e emprenda unha actuación de maiores dimensións para rehabilitar a zona.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**



1. Adoptará a Dirección Xeral da Costa e do Mar as medidas necesarias para proceder á adecuación e mellora do muro do Miradoiro de Fiunchal en Moaña e do tramo do paseo marítimo da rúa “José Costa Alonso”, comprendido entre os números 80 e 100, situados en dominio público marítimo terrestre?
2. É consciente o Ministerio do mal estado no que se encontra esta estrutura que, desde fai cinco anos, mantén o Miradoiro de Fiunchal inaccesíbel para os veciños e veciñas, ademais do anaco da praia do Con?
3. Coñece a situación da rúa que discorre paralela á praia, que sofre un afundimento da calzada polos efectos do mar e que presenta fendas e fochancas que constitúen un risco para transeúntes e vehículos?
4. Que disposición o Ministerio, a través da Dirección Xeral da Costa e do Mar a manter unha reunión coa alcaldesa do municipio de Moaña e coñecer así de primeira man a precaria situación do Miradoiro de Fiunchal e do tramo de paseo marítimo mencionado a fin de estudar as solucións máis adecuadas?
5. Valora o Ministerio dar reciprocidade á colaboración co Concello que, con boa disposición, ten levado a cabo actuacións puntuais nos últimos anos a pedimento de Costas e acometer unha actuación integral na zona do Miradoiro do Fiunchal dotada dos suficientes recursos?

Madrid, a 29 de maio de 2025



Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**